



Nova edición ampliada da obra que impulsou a apertura do Bosque do Banquete de Conxo

- ★ **Incorpora os tres brindes oficiais e tamén os clandestinos.**
- ★ **Inclúe oitenta fotografías, planos e ilustracións, trinta delas, novas.**
- ★ **Coordinados polo responsable da edición e coautor, Henrique Alvarellos, escriben tamén Xurxo Martínez, Francisco Singul, Martín Souto e Julio Estrada.**

Alvarellos Editora publica este verán de 2019 a segunda edición actualizada e ampliada d'Os ÚLTIMOS CARBALLOS DO BANQUETE DE CONXO, a obra que, editada en 2016, impulsou a apertura do histórico Bosque do Banquete de Conxo de 1856. Unha edición ao coidado de Henrique Alvarellos (Lugo, 1968), impulsor da apertura ao público deste espazo natural e histórico.

Incorpora máis de trinta novas fotografías e ilustracións, actuais e históricas; os textos completos dos tres brindes pronunciados naquel acto por Aurelio Aguirre, Eduardo Pondal e Luis Rodríguez Seoane, mais tamén a noticia doutros brindes, ata agora descoñecidos, tan atrevidos para o seu tempo que nin sequera chegarían a ser publicados. Xunto a todo isto, moitos datos novos —históricos e literarios— sobre este lugar, un mapa actualizado do bosque, e un total de oitenta ilustracións, planos e fotografías.

Viaxamos ao espazo natural que tanto fascinou



FICHA TÉCNICA: 176 pp . 13 x 23 cms.

ISBN 978-84-16460-64-9

PVP: 19,50 €

a Rosalía de Castro; ao histórico mosteiro que visitou Federico García Lorca en 1916; ao souto que versou, na bruma do século XIII, o trobador Joam Airas; e tamén, ao lugar de devoción pola Virxe da Cuncha de milleiros de peregrinos dende os tempos medievais.

Todos estes feitos figuran concentrados nun espazo concreto ao sur de Compostela: a carballreira do Banquete de Conxo. Nela, un domingo 2 de marzo de 1856 vivíriase un feito insólito: a celebración dun banquete democrático onde brindaron xuntos, pola liberdade e a fraternidade, estudantes e artesáns. De aquí xurdirá a xeración que logo vai promover o Rexurdimento pleno da cultura galega.

Neste bosque, nas marxes do río Sar, resiste unha fraga onde se erguen os últimos carballos centenarios do Banquete de Conxo, testemuñas vivas de acontecementos únicos na historia de Galicia.



Nota de Prensa

NOVEDAD
EDITORIAL

EDITORIA
alvarellos

título
nota
de
prensa

**Udis ea comnistem eu-
mquos endistotatum ea
nemperae est, alibus, qui-
delent. Poreste nesequam
aliquas dolorum suntios-
tem eum in est, simperum,
offic tet pariat.**

FICHA TÉCNICA: 302 pp | 13 x 17,5 cms.
ISBN 978-84-16460-34-2 | PVP: 18,00 €
Cosido con hilo. Capa con sobrecubierta.

